

Tempada lírica da Coruña 15/16
Ciclo de outono
Actividades paralelas

afundacion.org

amigosoperacoruna.org

CICLO DE CINEMA

Senso

1 de setembro | 19.00 h

Italia, 1954, Luchino Visconti. Con Alida Valli, Farley Granger e Massimo Girotti. VOS

A obra mestra do realizador Luchino Visconti comeza cunha representación de

«Il Trovatore» en La Fenice de Venza, nos tempos convulsos da ocupación austríaca. Alida Valli e Farley Granger protagonizan esta extrema historia de amor con música de Verdi e Bruckner.

West Side Story

8 de setembro | 19.00 h

EEUU, 1960, Robert Wise. Con Natalie Wood, Richard Beymer, Rita Moreno... VOS

Leonard Bernstein obtivo un dos seus maiores éxitos na escena teatral co seu

West side story, que en xullo de 2016 chega á Tempada Lírica en versión de concerto. Natalie Wood e Rita Moreno coruscan nesta moderna adaptación de *Romeo e Xulieta*, que obtivo dez premios Oscar.

Pandora e o holandés errante

15 de setembro | 19.00 h

EEUU-GB, 1951, Albert Lewin. Con Ava Gardner e James Mason. VOS

Ava Gardner e James Mason rodaron na Costa Brava esta exótica historia de amor

entre unha cantante célebre que rexeita todos os homes e un mariño holandés de estraño comportamento. É un anticipo para a estrea na Coruña de «O holandés errante» de Wagner o vindeiro ano.



Diálogo de carmelitas

22 de setembro | 19.00 h

Francia-Italia, 1960, Agostini e Bruckberger. Con Jeanne Moreau e Alida Valli. VOS

Philippe Agostini e Raymond Léopold Bruckberger levaron ao cinema a impo-

ñente obra de Georges Bernanos que reflicte a real e trágica historia das deza-seis monxas carmelitas do convento de Compiègne, en 1794. Poulenc adaptaría o texto a unha recoñecida ópera.

Salomé

29 de setembro | 19.00 h

España, 2002, Carlos Saura. Con Aída Gómez e Paco Mora. VO

Aída Gómez ensaia un ballet inspirado no mito bíblico de Salomé e Saura desprega

unha exquisita maridaxe entre o movemento dos corpos, das cámaras e da luz, abraia a ollos do espectador. Será ademais un anticipo para a estrea en febreiro da ópera de Strauss.

Farinelli, Il Castrato

6 de outubro | 19.00 h

Francia/Italia, Bélxica, 1994, Gérard Corbiau. Con Stefano Dionisi, Enrico Lo Verso e Caroline Cellier. VOS

Como previa ao concerto que Ann Hellenberg dedicará a Farinelli no Rosalía,

poderemos ver a recoñecida película que Corbiau rodou sobre un dos grandes mitos da historia da ópera, Carlo Broschi, o castrado Farinelli, o artista máis coñecido e aclamado do seu tempo.



RECITAIS

As novas voces galegas

10 de setembro | 20.00 h

Diego Neira, tenor.
Ópera, zarzuela e cancións

O tenor compostelán, o mozo Diego Neira, foi un dos protagonistas do éxito de «Ermione» na pasada tempada. Agora ofrece este recital do ciclo *As novas voces galegas*.

Outras voces, outros ámbitos

19 de setembro | 20.00 h

Pino De Vittorio, tenor
Laboratorio '600
De Nápoles a Sicilia
(cancións do sur de Italia)

O recoñecido cantante e actor italiano Pino De Vittorio e a súa agrupación, Laboratorio '600, exploran a música do sur de Italia nun recital que evoca a maxia do Mediterráneo.



CONFERENCIAS

«Entorno a Il Trovatore»

2 de setembro | 20.00 h

Encontro cos directores de «Il Trovatore», Mario Pontiggia (director de escena) e Keri-Lynn Wilson (directora musical)

Os responsábeis musical e escénico de «Il Trovatore» na Tempada Lírica conversan sobre a experiencia de interpretar unha das obras maiores de Giuseppe Verdi pertencente á «Triloxía Popular».

«O castelo de Barba-azul» e «Suor Angelica»

23 de setembro | 20.00 h

Charla a cargo do compositor Juan Durán

Juan Durán, autor da ópera «O Arame», que se estreou en 2009 no Festival de

Ópera da Coruña, analizará dúas das obras máis importantes de todo o teatro lírico durante o século XX. «O castelo de Barba-azul» de Bela Bartok e «Suor Angelica» de Giacomo Puccini.



OS PROTAGONISTAS DA TEMPADA

Ciclo de proxección de ópera

Tributo a Carlo Bergonzi

13 de outubro | 19.00 h

Ópera. «Aida» de Giuseppe Verdi. Arena de Verona (1966). Con Leyla Gencer, Fiorenza Cossotto, Bonaldo Giaiotti

Bergonzi, o máis célebre tenor verdiano, faleceu en 2014. Agora, ao se cumpriren 60 anos do seu debut no Festival coruñés, proxectarase a súa actuación en «Aida», grabada en directo na Arena de Verona.

Ramón Vargas en La Traviata

20 de outubro | 19.00 h

Ópera. «La Traviata» de G. Verdi. Scala de Milán. Con Angela Gheorghiu, Ramón Vargas e Roberto Frontali. Dirección escénica de Liliana Cavani e musical de Lorin Maazel

O recital que o tenor mexicano Ramón Vargas dará no Teatro Rosalía irá precedido desta filmación de «La Traviata» en La Scala, coa posta en escena da realizadora Liliana Cavani («O porteiro de noite»).

Mariella Devia en Lucia di Lammermoor

27 de outubro | 19.00 h

Ópera. «Lucia di Lammermoor» de G. Donizetti. Scala de Milán. Con Mariella Devia, Vincenzo La Scola, Carlo Colomba, Renato Bruson. Dirección escénica de Pier'Alli

A visita de Mariella Devia, a diva do bel canto actual, que ofrecerá unha gala coa OSG, acompañarase coa proxección desta célebre versión de «Lucia di Lammermoor» en La Scala.



PROXECTO DIDÁCTICO

II Curso de Interpretación Vocal de Alberto Zedda

Do 2 ao 13 de decembro

Alberto Zedda, o recoñecido responsable da Accademia rossiniana de Pesaro, regresa para impartir o seu curso de Interpretación Vocal.

Durante este tempo, os cantantes seleccionados recibirán os consellos e ensinanzas do maior experto mundial na obra de Rossini.

Concerto final de curso

14 de decembro | 20.00 h

Concerto dos alumnos do Curso de Interpretación Vocal de Alberto Zedda.

Do mesmo xeito que o ano pasado, os participantes nas clases do célebre director e musicólogo italiano terán a

oportunidade de presentarse ante o público coruñés con un programa que será preparado a conciencia durante os días previos baixo a supervisión persoal do propio Zedda.



//Afundación

Obra Social ABANCA

Sede Afundación

Cantón Grande, 8 - A Coruña

981 185 060

afundacion.org

Todas as actividades son de acceso
libre ata encher capacidade



CONSORCIO PARA LA PROMOCIÓN DE LA MÚSICA

